

Regulamento TRAIL RAZO-CARBALLO 2020

Artigo 1: Organizador e denominación da proba. O Concello de Carballo organiza o "CARBALLO TRAIL RACE 2020", proba oficial da Federación Galega de Atletismo (FGA en diante) por pistas e camiños non asfaltados na súa meirande parte e sobre distancias de aproximadamente 30 Km, e 11 Km na opción curta, e baixo o control técnico do Comité de Xuíces da FGA.

Artigo 2: Entidades Colaboradoras. Colaboran na organización da proba a FGA, a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Carballo e a Agrupación Deportiva Media Ducia.

Artigo 3: Participantes . No "CARBALLO TRAIL RACE 2020", pode participar toda persona nada nas datas correspondentes por categoría, esté ou non federada, ate un máximo de 400, con excepción das limitacións impostas pola regulamentación propia da Federación Galega de Atletismo para a participación de atletas federados de outras Federacións Autonómicas. Cada participante acude a proba baixo a súa responsabilidade ou a do seu adestrador persoal ca forma física axeitada para realizala e cos controis médicos oportunos e por tanto asume persoalmente e exime á organización calquera incidente ou lesión acaecida por esa causa ou por actitude imprudente e/ou negligente durante a participación.

Artigo 4: Inscricións.

As inscricións son persoais e non transferibles, supoñendo a aceptación de todo o disposto no presente regulamento e incluíndo o servizo de seguro ó que obrigan os preceptos legais.

Prazo de Inscricións. Admítense **ate o día 29 de xaneiro** de 2020 ou ata acadar as 400 prazas.

As formas e lugares de inscrición son:

- a) Na web <http://www.carreirasgalegas.com>
- b) Na web www.carballo.gal, no enlace creado ó respecto.
- c) Información sobre a proba e asesoramento para a inscrición: nas oficiñas do Concello de Carballo "Carballo Deporte" sitas na rúa Corcubión sn e nº teléfono 981702109.

Cuota de Inscrición e forma de pago: Establécense cuotas de inscrición de 6 € para o trail curto e 10 € para o trail longo.

Aboarase no momento da inscrición na plataforma <http://www.carreirasgalegas.com>

Artigo 5: Data, probas, categorías e horarios. A data de celebración é o domingo día 2 de febreiro de 2020.

A creación de cada categoría condiciónase á necesidade de que se presente na liña de saída un mínimo de 10 atletas do mesmo sexo por categoría e de 5 no caso dos veteranos para a constitución das mesmas. Os atletas das categorías non constituídas serán asignados á categoría inmediatamente anterior á que lle corresponda.

Celébranse as seguintes probas, horarios e categorías:

Trail Curta					
Categoría	Datas de Nacemento	Distanza	Hora de Saída	Hora final	Tempo Máx.
Xuvenil Sub 18 Feminina	2004,2003	11.000 m	9:30h.	11:15h.	1 h 45 min.
Xuvenil Sub 18 Masculino					
Senior Feminina	Nados dende o 2/02/1980 ate o 2002				
Senior Masculino					
Veteráns Feminina	Nados do 1/02/1980 e anteriores				
Veteráns Masculina					

Trail Longa					
Categoría	Datas de Nacemento	Distanza	Hora de Saída	Hora final	Tempo Máx.
Senior Feminina	Nados dende o 2/02/1980 ate o 2002	30.000m	9:30h.	14:00 h	4 h. 30 min.
Senior Masculino					
Veteráns Feminina	Nados do 1/02/1980 e anteriores				
Veteráns Masculino					

Artigo 6: Recollida de dorsais.

Os dorsais e os chips recolleranse na zona habilitada a tal efecto na Piscina Vila de Noia, sita na rúa vila de Noia o sábado día 1 de febreiro de 10:00 h. a 13:00 h. e de 16:00 h. a 20:00 h. e o día de celebración da proba dende as 7:30 horas.

É necesaria a presentación do dni,licencia federativa, resgado de inscrición ou documento similar acreditativo.

Artigo 7: Servizo de Desprazamento e Vestiarios para deportistas

A organización disporá autobuses para desprazar unicamente ós deportistas segundo o seguinte detalle:

- Saídas dos autobuses dende a Piscina Vila de Noia (Rúa Vila de Noia, 15100 Carballo, A Coruña **43.217265, -8.683704**) ate o punto de saída.
- Os autobuses tomarán a saída ás **8:30 h**. Os participantes que acudan polos seus medios á zona de saída, non serán trasladados á mesma pola organización ó remate da proba.
- Os participantes no trail curto serán retornados á Piscina Vila de Noia
- Utilizaranse os vestiarios da Piscina Vila de Noia, próxima á meta.

Artigo 8: Percorrido.

8.1.- O percorrido transcurre por camiños públicos e forestais sen asfaltar, vías asfaltadas, rúas do núcleo urbán e campo a través.

8.2.- O percorrido, incluída a parte que discorre por estradas e rúas de poboacións non estarán pechados ó resto de usuarios das vías, debendo cumprir os participantes as normas xerais de tráfico para peóns e/ou as indicacións da organización.

8.3.- Saída e Metas

Tódalas probas sairán da Praia de Razo, na zona habilitada ó efecto, ás 9:30 horas, próxima á seguinte ubicación: Rúa Paseo Arenal, 25 15107 Carballo, A Coruña **43.290083, -8.704084**.

A meta estará disposta nos seguintes lugares:

Trail Longa: Rúa Vila de Corcubión, 15100 Carballo, A Coruña **43.216680, -8.683665**.

Trail Curta: Cances, Local Social (DP-1908 15106 Carballo) **43.243320, -8.745543**.

8.4.- Percorrido Trail Longa. Distanza próxima ós 30 KM e 900 m de desnivel, dende a saída na Praia de Razo ate a meta na rúa Vila de Corcubión, transcorrendo por: Praia de Razo, Vía acceso ó porto de Razo, "Senda Pinos do Mar", Lugar de Santa Mariña, Cruce da estrada Razo-Aviño, Subida a Monteneme, Cumio Monteneme, Paso por debaixo da nova estrada Carballo Malpica AC418 en Cances, Cruce ca antiga estrada Carballo Malpica(AC414) en Cances, Carretera DP 1908 nas Antigas Escolas de Cances e Centro Social, monte de Liñeiro, Cruce DP1910 en Liñeiro, Monte de Vilanova, Muiño rego de Liñeiro, Vilanova, A Constenla, Muiño da Torre, Ponte das Gargas, A Devesa, A Cepeira, Muiño do Quinto, Cruce da Rúa Fomento, Rúa Río Anllóns, Rúa Río Miño, San Martiño, Cruce da rúa Milagrosa, Paseo do Anllóns, Rúa Vila de Negreira e Rúa Vila de Corcubión.

8.5.- Percorrido Trail Curta e Xuvenil. Distanza próxima ós 11 KM e 500 m. de desnivel, idem á longa pero con remate en Cances.

8.6.- O percorrido estará marcado e balizado pola organización con elementos de cor viva a intervalos regulares, sinalándose especificamente as direccións a seguir nos cruces, e as entradas a vías asfaltadas e cruces de estradas.

Artigo 9.- Avituallamentos.

A organización disporá avituallamento sólido e líquido nos seguintes puntos do percorrido:

KM 8. Cumio Monte Neme (Líquido).

Km 11. Local Social, Cances(Meta trail curto)(líquido + sólido).

KM 20 Muiño da Torre)(líquido + sólido).

KM 25. A Cepeira (Líquido)

Artigo 10.- Normas para participantes en percorrido.

10.1.- Deberán ir provistos de teléfono móbil con batería suficiente para a duración da proba, vaso para hidratación e manta térmica.

10.2.- O dorsal acreditativo deberá levarse en todo momento, na parte dianteira e claramente visible na súa totalidade, indicando no reverso do mesmo calquera circunstancia a ter en conta en caso de atención médica urxente durante a proba.(alerxia a medicamentos, etc.).

10.3.- Deberán observar as normas para peóns, especialmente nos tramos asfaltados, rúas urbanas e cruces de estradas, dado que o percorrido estará aberto ó resto de usuarios da vía.

10.4.- Responsabilizarse de localizar a sinalización e seguila, así como de cruzar as estradas no lugar sinalado pola organización ó efecto.

10.5.- Pasar obrigatoriamente polos postos de control que disporá a organización durante o percorrido.

10.6.- Comunicar á organización o abandono da proba, ou ben nos puntos de control e avituallamento ou agardando ó peche da carreira.

Artigo 11: Control Técnico das Carreiras, peche de control e descualificacións.

11.1.- O control técnico das carreiras é realizado polo comité galego de xuíces da FGA, sendo O xuíz árbitro a máxima autoridade técnica da proba, o cal supervisará o desenvolvemento desta así como os resultados finais. Así as reclamacións deberán ser feitas verbalmente ó xuíz árbitro, non mais tarde de 30 minutos da comunicación oficial dos resultados.

11.2.- Cando un participante sobrepase os tempos de corte establecidos, ou non se atope en condicións de cumprir estes, será superado polo peche da proba, que indica o final da zona de competición, e deberá abandonar a mesma subindo ó vehículo escoba. Se declina este servizo queda automaticamente excluído da proba pasando a ser un usuario normal das vías.

11.3.- A organización poderá descualificar a aquel participante que ó seu xuízo manifeste incapacidade para continuar a proba con seguridade.

11.4.- Tempos de corte e peche:

Lugar	Punto KM aproximado	Tempo de corte	Horario previsto
Cruce carretera Razo Aviño.	4.6	1 hora	10:30 h
Local Social (Cances)(Meta Curto)	11	1 hora 45 min	11:15 h
Liñeiro (Cruce DP1910)	15	2 horas 45 min	12:15 h
Muiño da Torre	20	3 horas 30 min	13:00 h
Liña de Meta	30	4 horas 30 min	14:00 h

Artigo 12: Clasificacións.

Establécense as seguintes clasificacións:

Trail Curta	Trail Longa
Xeral Feminina	Xeral Feminina
Xeral Masculina	Xeral Masculina
Xuvenil Sub 18 Feminina	
Xuvenil Sub 18 Masculino	

Senior Feminina	Senior Feminina
Senior Masculino	Senior Masculino
Veteráns Feminina	Veteráns Feminina
Veteráns Masculino	Veteráns Masculino

Artigo 13: Premios e Trofeos.

Entreganse trofeos ó 1º, 2º, 3º clasificados masculino e feminino de cada unha das categorías.

Tamén se premiará ós seguintes participantes:

1º carballés; 1ª carballesa.

Artigo 14: Serán descalificados os participantes que non respeten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, Xuíces, Servizos Médicos ou membros da organización debidamente identificados, así como os que non realicen todo o circuito da carreira, non leven o dorsal ou o manipulen, ou falsifiquen datos personales.

Artigo 19: Tódolos corredores polo feito de inscribirse aceptan a publicación do seu nome e imaxen na clasificación, medios de comunicación e Internet para promoción da proba, e consenten expresamente a cesión dos seus datos para todo o relacionado ca participación na proba ás entidades que a organización encomende os procedementos de inscrición, clasificación, reclamacións, aseguramento dos atletas, etc. indicándose nese momento a forma e lugar para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición se fora o caso.

Artigo 20: Suspensión da proba. A organización poderá decidir a suspensión da proba con carácter previo por motivos organizativos, ou durante a celebración da mesma por calquera causa que afecte á seguridade na celebración da mesma (alertas por temporal, etc.), non xenerándose dereito algún hacia os inscritos, excepto o de devolución das taxas de inscrición.

Artigo 21: Todo o non disposto na presente normativa rexerese polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

Carballo, a 21 de novembro de 2019.